

ReMesa

A M E S A I N F O R M A

Telefónica quixo oír, pero...

Logo da campaña de distribución de tarxetas dirixidas a Telefónica que, baixo o lema *Non hai peor xordo que o que non quere oír*, A MESA editou o pasado mes de xullo, a empresa si quixo oír e mantivo unha entrevista con responsábeis da nosa organización a comezos do mes de setembro. Durante a entrevista reiteramos as nosas protestas polas contínuas deficiencias que no uso do noso idioma se veñen detectando nos distintos servizos da compañía e centramos as nosas reivindicacións nos seguintes puntos:

1- Mellora no servizo de atención ao cliente (información, avarias, etc.), de maneira que se atenda en galego aos usuarios e usuarias.

2- Corrección no uso da nosa toponimia nas guías telefónicas, na publicidade e nas comunicacións aos clientes;

na nova edición 97/98 das Páxinas Amarelas, por exemplo, seguen aparecendo formas como La Coruña, El Barquero, Cabo Villano, Finisterre ou Arosa.


3- Rectificación do trato de segundona que se lle dá á nosa lingua. Sempre que a empresa utiliza o español e o galego, este aparece de segundo, en letra máis pequena e en cursiva. Nas páxinas amarelas, por exemplo, a pesar de existiren dous índices de actividades, un en galego e outro en español, o que prevalece á hora de ordenar alfabeticamente as páxinas é o español.

4- Rectificación da carta enviada aos clientes na que se lles esixía que, se querían recibir as facturas en galego, debían solicita-lo expresamente xa que, no caso de non facé-

lo, a empresa entendería que a lingua escollida é o español. Por tratar-se dun caso claro de agrávio comparativo, solicitamos que non continuasen adiante con esta iniciativa.

PERO... no presente mes de outubro están a enviar unha nova carta na que, dentro da súa liña de "melloras", seguen adiante coa modificación das facturas. Ademais de reiterar que quen desexe recibir a factura en galego deberá de solicitá-lo, na relación detallada das chamadas utilizan formas como La Coruña ou Orense para os nosos topónimos. Parece pois que non hai trazos de cambio e, dado que quedaran en estu-

dar as nosas propostas, desde A MESA consideramos que é importante facer-lles chegar o maior número posíbel de queixas (lembramos-vos que teñen un número de atención persoal, o 004, as 24 horas do día) e continuar a enviar os cartóns postais que editamos para que non lles esqueza que existe demanda social e apoio ás nosas reivindicacións. Nós continuamos a enviar-lles periodicamente todas as deficiencias que imos observando ou as que vós nos facedes chegar ao local e estamos estudando a posibilidade de poñer en marcha novas iniciativas.



CÁMBIO DE PRESIDÊNCIA NA MESA

Xosé Manuel Sarille, presidente da MESA desde a súa creación, apresentou recentemente a súa dimisión, polo que asume o relevo no cargo Concha Costas, vice-presidenta da organización. A nova presidenta seguirá acompañada nesta etapa pola mesma xunta directiva que, encabezada polo anterior presidente, fora elixi-



Xosé Manuel Sarille



Concha Costas

da na última Asemblea Xeral de sócios e sócias celebrada na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago. Este cambio interno, que se ha someter á aprobación da próxima asemblea de sócios e sócias, supón evidentemente un proceso interno de balanço e reorganización, aínda que, tendo en conta que a equipa de xente que queda na directiva é a mesma que estaba até o momento, haberá un labor de continuidade a respecto das liñas de traballo existentes.

E dentro dese labor de continuidade é importante que sigamos mantendo e, na medida do

posíbel, ampliando o traballo de colaboración con outras organizacións, xa que iso nos permite dar-lle ás nosas iniciativas un maior alcance e forza e, ademais, demostra que no terreo da reivindicación e defensa da lingua é posíbel traballar conxuntamente. Boa proba diso é a colaboración estábel que desde hai

anos mantemos coas organizacións sindicais CIG, CCOO e STEG, coa AS-PG ou con Nova Escola Galega.

Tamén é importante que sigamos contando coa colaboración e o apoio das nosas sócias e sócios e de toda a xente que comparte as nosas reivindicacións. Só así se poderá fortalecer o traballo local nas zonas, as liñas concretas que desenvolven as distintas seccións que funcionan dentro da MESA (Mocidade, Toponimia ou Colectivo de Nais e

Pais); só así será posíbel desenvolver as campañas de envío de tarxetas que tan bos resultados deron, e seguen a dar, nestes últimos anos e nas que a vosa colaboración resulta imprescindible; só así será posíbel manter o nivel de denuncias públicas e de iniciativas e campañas, xa que boa parte delas nacen das informacións e das suxestións que nos facedes chegar ao local. Só así A MESA seguirá a ser un referente social decisivo no terreo da normalización lingüística e unha plataforma de traballo comun que aglutine a reivindicación social do idioma.

En poucas liñas

Galeguizar o nome propio, tamén na xente nova.

• O pleno do Congreso español aprobou por unanimidade a toma en consideración dunha proposición de lei do BNG para modificar a lei 17/1977 sobre reforma do artigo 54 da Lei de Rexistro Civil que restrinxía a posibilidade de substituír o nome propio polo equivalente en calquera das linguas do estado ás persoas nadas antes do ano 1977. En canto se aprobe definitivamente a proposta, xa poderán galeguizar o seu nome propio, de maneira totalmente gratuita, tamén as persoas nadas despois dese ano e corrixir así un desequilibrio entre identidade e nome motivado por unha causa allea á súa vontade. Este era un dos grandes impedimentos cos que A MESA ten topado no desenvolvemento das súas campañas de galeguización dos nomes propios xa que son precisamente estas xeracións máis novas as máis sensíbeis a facer o trámite do cambio de nome.

.....
amesanl@interbook.net

• A Mesa xa ten enderezo electrónico (amesanl@interbook.net), polo que xa podedes poñer-vos en contacto coa organización a través do ordenador para facer-nos chegar as vosas suxestións, informacións, etc. Tamén estamos preparando as nosas páxinas web que moi pronto estarán á vosa disposición. Xa vos informaremos.



A Mesa estivo no Friül.

• Dentro do programa de visitas de estudo que organiza a UE, a presidenta da MESA participou, representando á nosa organización, nunha visita ao Friül na que se fixo un achegamento ao papel das organizacións cívicas dentro do proceso de normalización lingüística e cultural. No programa incluíron-se visitas e encontros cos representantes de institucións, medios de comunicación, colectivos e organizacións.

Durante a semana que durou a visita intercambiamos material e informacións cos distintos colectivos implicados así como cos outros membros do grupo, formado por representantes de distintas linguas europeas, e establecemos contactos para futuras colaboracións.

Catálogo da exposición *Ourense, por dignidade*.

• Apresentouse en Ourense o catálogo da exposición *Ourense, por dignidade* que A MESA editou no marco da súa campaña de reivindicación do topónimo. O acto tivo lugar na Livraria Torga e nel participaron, ademais de Asunción Arias, representante da MESA en Ourense, Francisco Rodríguez, María Domínguez, Paco Sarria, Olga Nóvoa e Francisco Paradelo. Asistiron tamén moitos dos artistas que participaron na exposición e número público que acompañou esta presentación, xa na recta final dunha campaña de grande éxito que se viu reafirmada coa aprobación a trámite no pasado mes de xuño da proposición de lei que ha restaurar os nomes galegos de Ourense e A Coruña tamén para as provincias. Agora só queda que as institucións, os comerciantes e a sociedade en xeral acaben de asumir unha cuestión que non ten máis discusións.



Universos paralelos

Non temos máis remedio, unha vez máis, que traer até esta sección ao Director Xeral de Política Lingüística que, no marco dun recente Congreso de Fra-seoloxía organizado polo Centro Ramón Piñeiro, manifestou que "a Administración galega vai por diante da presión social" en materia de normalización lingüística. O *afortunado* comentario xurdiu como resposta a unha observación do seu homólogo navarro, quen manifestou non entender a falta de resposta popular

que se observa en Galiza fronte á forte identidade lingüística que se nota cada día máis en Navarra.

Desde A MESA puidemos comprobar en múltiples ocasións eses esforzos de Regueiro Tenreiro por poñer ao seu departamento á fronte de reivindicacións e iniciativas importantes para o noso idioma nas que as organizacións cívicas e a sociedade en xeral non souberon reaccionar. Recordemos a modo de exemplo o esforzado labor da DXPL

en temas como a etiquetaxe de produtos no noso idioma, os apoios á prensa que se fai integralmente en galego, o férreo seguimento na aplicación do decreto que regula o uso do noso idioma no ensino, ou a súa decisiva influencia na tradución do Windows 95 e, máis recentemente, na dobraxe de cinema ao noso idioma. Certamente, a DXPL vai moi por diante das reivindicacións sociais, non cabe a menor dúbida. O que hai que oír...

O ALUNADO REIVINDICA A GALEGUIZACIÓN DO ENSINO E A ADMINISTRACIÓN MIRA PARA OUTRO LADO...

Nun tempo récord, Mocidade pola Normalización Lingüística, Galiza Nova e os Comités Abertos de Estudantes recolleamos algo máis de 9.000 sinaturas de alunas e alumnos de ensino meio que esixían, alén do cumprimento do Decreto 247/95, a súa aplicación nos exames da selectividade e unha edición en galego dos impresos de Bolsas de Axuda ao Estudo.



No mes de xullo, representantes das tres organizacións que desenvolvemos a campaña, entrevistámonos co Conselleiro de Educación e mais co Director Xeral de Política Lingüística para lles presentar as nosas reivindicacións. Deron-nos o apoio moral, pero en todas elas se lavaron as mans: mesmo se consideraron sen "capa-

cidade política" para lle esixir ao goberno "amigo" o respecto á toponimia galega nos impresos de solicitude de bolsas.

OS IMPRESOS DE SOLICITUDE DE BOLSAS VOLVERON A INCUMPRIR A LEI

Nestes impresos, a toponimia galega figura deturpada, mentres a toponimia catalana é escrupulosamente respectada. Trata-se dunha consciente tomadura de pelo á cidadanía galega e ás leis coas que nos dotamos, pois na Subdirección Xeral de Bolsas, do Ministerio, receberam múltiples demandas esixindo-lle o respecto á nosa identidade lingüística.

Desde Mocidade pola Normalización Lingüística solicitamos do Delegado do Goberno na Galiza, Diz Guedes, a súa intervención a prol dos dereitos lingüísticos das galegas e dos galegos. Aínda non nos respondeu.

OS INSTITUTOS, EN GALEGO

Desde Mocidade pola Normalización Lingüística enviamos unha carta ás/aos representantes estudantis nos Consellos Escolares de toda Galiza. Nesa carta convidámo-las/os a demandar perante este órgano a inclusión no seu Proxecto Educativo de Centro (PEC) do galego como lingua vehicular no ensino.

PARABÉNS PARA A OUTRA BANDA DO MIÑO

Aínda non sabemos o que respondeu o vello que debuxou Castelao, mais agardamos que as xeracións mozas de Galiza vaian tendo cada vez máis clara a resposta.

Por este labor de clarificación queremos dar hoxe os nosos parabéns á revista *Portugal Radical*, que se

centra nos deportes radicais, de risco, e se está a distribuír en portugués na Galiza.

A doada comprensión por parte de calquer persoa escolarizada no noso idioma, o seu innovador formato e as súas impresionantes fotografías (xa que logo, a súa grande cualidade) esixen-nos que os parabéns de hoxe vaian direitiños a Portugal, o vello país irmán.



MOCIDADE POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA ESTIVO PRESENTE NO XIV FESTIVAL MUNDIAL DA XUVENTUDE E AS/OS ESTUDANTES

Tal e como se decidiu, a petición dun sócio, na V Asemblea Xeral da Mesa, celebrada o pasado mes de decembro en Santiago, a sección xuvenil da nosa plataforma pasou a formar parte do Comité Nacional Galego Preparatorio para o XIV Festival Mundial da Xuventude e as/os Estudantes.



Esta edición do Festival celebrou-se en Cuba do 26 de xullo ao 5 de agosto, sob o lema "Pola solidariedade antiimperialista, a paz e a amizade". Ao longo do Festival, producíron-se debates en comisións sobre a realidade da mocidade a nivel mundial.

A delegada e o delegado que estiveron en representación da Mesa participaron en nome de Galiza na Comisión de Cultura e Comunicación Social.

Puxeron de relevo a realidade lingüística do noso país e do Estado e convidaron ás organizacións presentes a se adheriren á Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos.

MOCIDADE POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA TEN PRESENZA NAS BISBARRAS DO PAÍS

Como no caso do Xabarin Club da TVG, en Mocidade pola Normalización Lingüística cada día somos máis... e mellor organizadas/os. Quere-mos crear unha estrutura capaz de incidir na xuventude galega; con este fin, están-se a desenvolver asembleas abertas por todo o País.

Vigo, O Condado, Lugo, Ordes e A Coruña son, arestora, as zonas nas que contamos cunha presenza máis significativa. Xa a certa distancia destas están Santiago, A Barbanza, Muros-Noia e Fisterra.

En próximas datas, pretendemos dar a coñecer a nosa organización no Salnés, na Terra de Trasmuros, en Pontevedra e en Ourense.

Necesitamos contar contigo e coa tua axuda para estender entre a mocidade o ideal normalizador que propugna a nosa organización.

CONSEGUIMOS QUE DISNEY ESTEXA DISPOSTA A DISTRIBUÍR TODOS OS SEUS FILMES EN GALEGO

No mes de xullo diriximo-nos á Dirección Xeral de Política Lingüística e a Disney para demandar que o próximo filme da multinacional, *Hércules*, que se vai estrearse en decembro, fose distribuído na nosa lingua. Da Dirección Xeral de Política Lingüística aínda non obtivemos resposta a día de hoxe; pola contra, Disney puxo-se en contacto inmediatamente connosco.

Desde Mocidade pola Normalización Lingüística servimos de interlocutores coa empresa e, logo de entrevistarnos con directivos da mesma, logramos que esta se amosase totalmente favorable a distribuír en galego TODOS os filmes que distribúan en Galiza.

A XUNTA TEN A OBRIGA LEGAL DE PAGAR A DOBRAXE E DISTRIBUCIÓN

Sob unha perspectiva comercial, en Disney recoñecen que xa teñen garantida a cota de mercado co filme en castelano e por iso non poden investir na dobraxe e distribución ao galego. Isto custaría entre 15 e 20 millóns por filme (máis caro do normal, pois as películas desta factoría teñen uns números musicais de grande dificultade), o cal a penas representa nada dentro dos 3.000 millóns que anualmente move a Dirección Xeral de Política Lingüística.

No artigo 20 da Lei de Normalización Lingüística asinala-se que a administración autonómica ten a obriga de fomentar a produción, a dobraxe, a subtitulación e a exhibición de cinema en lingua galega. Se temos en conta que o único filme que se pasou, desde aquela, polas salas comerciais dobrado ao noso idioma, non tivo nengunha axuda institucional (*O Pico das Viúvas*, 1993), resulta evidente que esta obriga foi sistematicamente incumplida pola Xunta.

TER DOBRAXES EN GALEGO NON É NENGUNHA UTOPIA

Cun mínimo de vontade e de capacidade planificadora, as salas comerciais de exhibición cinematográfica poderían estar



inzadas de filmes dobrados á nosa lingua e podería existir un rico mercado do vídeo tamén no noso idioma.

Cómpre que teñamos en conta que as dobraxes custan o mesmo sexan para exhibir o filme no cinema, vídeo ou televisión. Así, se dentro de dous ou tres anos a TVG mercase os dereitos para pasar un filme calquer dentro da súa programación, tería que pagar os mesmos custos de dobraxe. Se a TVG participa no pagamento das dobraxes con antelación, adiantando os cartos, poderemos ter filmes en galego nos cinemas e no vídeo e dar-lle maior rendibilidade ao diñeiro público. Desde A Mesa xa falamos do tema hai tempo con Francisco Campos, o director da TVG.

A DESÍDIA DA XUNTA FAI QUE SEXA IMPOSÍBEL QUE *HÉRCULES* SE DISTRIBUA EN GALEGO PARA ESTE NADAL

O proceso de dobraxe dos filmes de Disney leva uns tres meses. O feito de que

na Dirección Xeral de Política Lingüística non se realizasen a tempo as xestións oportunas fai imposible que se poida distribuír na nosa lingua o filme que a multinacional vai estrearse este Nadal.

Non obstante, a boa disposición da empresa abre as portas a que o próximo filme que saia en vídeo si sexa en galego. Só resta que a Xunta faga a súa parte. Polo momento, a iniciativa tivemos-la que tomar a cidadanía, ante a falta de planificación da Administración autonómica.

Desde Mocidade pola Normalización Lingüística enviamos-lle un telegrama ao Director Xeral de Política Lingüística para que tome cartas no asunto, desexando-lle que teña "máis axilidade e máis capacidade cás que demostrou con Windows 95".

LUCKY LUKE E ASTÉRIX PODERIAMOS TE-LOS XA NO MERCADO DO VÍDEO

A maior parte dos filmes destes personaxes de orixe francesa están xa dobrados ao galego pola TVG. Non obstante, non é posible atopá-los na nosa lingua no mercado do vídeo.

Dubidamos que IVS, que ten os dereitos destes personaxes franceses para o vídeo, vaia presentar nengun problema para que a cidadanía galega poida mercar ou alugar as aventuras de Lucky Luke ou Astérix na nosa lingua.

O único que falta é un acordo entre a TVG, a Xunta e a distribuidora para ceder a dobraxe.

CINCO INSTANCIAS CADA DÍA ATÉ QUE A XUNTA CUMPRE COAS SUAS OBRIGAS

En Mocidade pola Normalización Lingüística estamos entregando desde hai unhas semanas cinco instancias diárias no Rexistro da Xunta até que a Administración autonómica cumpra coas obrigas legais de promocionar o noso idioma na sétima arte.

PARABENS

A Ester Leira Penabade, responsable do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontedeume, polo importante labor de iniciativas que está desenvolvendo desde o seu posto e que se traduce nunha chamativa presenza da nosa lingua nos comercios e empresas do concello.

Aos supermercados O Mellor (Rianxo, Noia, Boiro, Muros, Escarabote, Cuntis, etc.) porque están a empregar a nosa lingua na redacción dos seus folletos de ofertas e promocións.

Á Comercial de Queixeiros Arzuanos, responsábeis do queixo COQUEAR, de Mesía, que atenderon as peticións dun grupo de persoas e galeguizaron as etiquetas dos seus produtos.

Á Rede Ford de Galiza porque acaba de iniciar unha segunda campaña publicitaria, tamén en galego como a primeira, para o seu modelo Escort Galicia: "O sal e a pementa". Parabéns e o desexo de que estendan esa práctica lingüística tamén aos outros modelos desta casa automobilística.

Aos Cafés Cudeiro, que nos serven na nosa lingua con total normalidade.

A Hortamariña, horticultores asociados da Mariña lucense, que colleitan calidade sostíbel en contacto coa terra e usan o galego en publicidade, facturación, etc.

Á revista de pasatempos *O cruceiro* (apartado de correos nº 69, Fene), que acaba de aparecer no mercado poñendo á nosa disposición encrucillados, autodefinidos e caldos de letras no noso idioma.

GALEGO NAS EMPRESAS DE TRANSPORTE INTERURBANO DO PAÍS


Como xa vos comunicamos nun boletín anterior, criou-se dentro da MESA unha sección de toponimia que se encarga de enviar cartas ás empresas e organismos que continúan a utilizar formas deturpadas dos nosos nomes de lugar. É importante que nos fagades chegar información ao respecto, a ser posíbel acompañada de probas gráficas: folletos, cartas, anuncios, etc.

Ademais, desde esta sección, acabamos de emprender un novo traballo para que as empresas de transporte interurbano do país respecten a toponimia galega intentando á vez impulsar o uso da nosa lingua nestes servizos. Para poder levar adiante unha campaña neste sentido necesitamos ter un estudo do nivel de uso do galego e o respecto aos topónimos da Galiza sobre o que centrar as

3/1983 de normalización lingüística, que dispón no seu artigo 10.1 que os topónimos de Galiza terán como única forma oficial a galega.

Son moitas as queixas que nos teñen chegado ao noso local informando-nos de todo tipo de irregularidades de empresas como La Unión, AutoIndustrial... nas que os casos chegan a ser aberrantes. Non é moi difícil ver nestas liñas cousas como Villasobroso, La Cañiza, Puentesampayo ou La Toja.

Sendo, como é, un servizo que concede a Xunta de Galiza a cousa dá-lle outro carácter a isto, xa que a Xunta debe velar tanto internamente como nas súas relacións exte-



rias para que se cumpra a legalidade en todos os aspectos, sexa no referente á antigüidade dos coches de liña, ao tempo máximo que pode conducir un traballador ou ao tema que nos trae aquí, o respecto á toponimia e ao uso do galego.

Desde a Dirección Xeral de Transportes non se está a facer nengun tipo de control a este respecto, aínda que este feito non é algo sorprendente na Xunta, xa que usando a desculpa de que hai unha Dirección Xeral de Política Lingüística que xa ten ese labor, o resto das Direccións Xerais e Consellarías "lavan as mans" cando se entra no terreo da lingua.

A realidade é que as empresas que levan estes transportes están, na meirande parte dos casos, a deturpar a toponimia das localidades por onde prestan os seus servizos, incumprindo deste xeito a Lei

De aí que fagamos unha chamada a todas as persoas interesadas en axudar-nos a levar adiante o devandito estudo na sua zona ou bisbarra. O único que debes facer é mandar unha carta ao Apartado dos Correos 3247 de Vigo xunto co voso nome e enderezo e nós xa vos indicaremos a información que precisamos. Tamén podeades reclamar directamente das propias empresas o cumprimento da lei, ben sexa mediante cartas, ou ben sexa esixindo-llo no libro de reclamacións.

Contamos coa vosa axuda.

SUXESTIONA-NOS

Son moitas as agresións que sofre o noso idioma e, ás veces, caemos na desgana á hora de esixir os nosos dereitos. Desde a zona de Vigo, propuxeron-nos unha iniciativa interesante para dirixir-nos ao teléfono gratuito de Correos e Telégrafos, 900 50 60 70, e recordar-lles a legalidade vixente en materia de toponimia e demandar deles a renovación dos carimbos das dis-

tintas oficinas que no noso país seguen a utilizar formas que non se corresponden coas oficiais. Se detectades formas incorrectas nos carimbos, animade-vos a chamar e solicitar que se cumpra por fin ese dereito que temos a que se usen os nosos nomes de lugar na súa forma galega.

Á hora de levar adiante reclamacións ou denuncias diante de empresas e organismos, A Mesa é unha forza importante que se fai escoitar, pero a chegada masiva de cartas persoais e de chamadas por parte de todas e dodos nós é imprescindible para demostrar que existe a demanda que moitas empresas din precisar para avanzar no proceso de normalización lingüística.



Campaña polo uso pleno do galego no Concello de Ribeira

A Asemblea de Zona da Barbanza desenvolveu unha campaña este verán sob o lema "O Concello está-nos a sacar a lingua", coa finalidade de que o noso idioma pasase a ser usado con total normalidade pola Administración municipal ribeirá.

Distribuíron-se masivamente cartaces e trípticos dando a coñecer as nosas reivindicacións, así como instancias para seren presentadas no Rexistro do Concello e cartas para lle enviar ao Alcalde. A resposta popular foi contundente e a campaña converteu-se en todo un éxito.

Desde A Mesa levaba-se máis dun ano agardando a que responsábeis da nosa organización foren recibidos por alguén do goberno municipal. Xusto o día que se cumpría un ano da nosa solicitude por escrito (3 de setembro), a nosa demanda viu-se positivamente resolta.

Mais tamén houbo outros éxitos máis tanxíbeis para a nosa lingua: o Concelleiro de Cultura xa emprega o noso idioma en todas as comparecencias públicas, as páxinas web do Concello tamén teñen versión en galego... E, sobre todo, demostrou-se perante a cidadanía que a situación de submetemento do noso idioma non é incuestionábel, senón que, coa mobilización cidadá, se poden conseguir adiantos cualitativos para a nosa lingua.



RENOVACIÓN/AMPLIACIÓN DE DADOS DOS AFILIADOS

DADOS DOS ASOCIADOS/AS:

NOME:	APELIDOS:	
CARNÉ DE IDENTIDADE:	DATA DE NACEMENTO:	
ENDEREZO:		
CÓDIGO POSTAL:	LOCALIDADE:	PROVINCIA:
TELÉFONO DA CASA:	FAX DA CASA:	CORREO ELECTRÓNICO:
PROFESIÓN:		
TRABALLA COMO:	CARGO OU POSICIÓN:	CENTRO DE TRABALLO:
TELÉFONO DO TRABALLO:	FAX DO TRABALLO:	CORREO ELECTRÓNICO-TRABALLO:

TEN FILLOS: SI NON

DADOS DOS FILLOS/AS:

NOME:	APELIDOS:	DATA DE NACEMENTO:
NOME:	APELIDOS:	DATA DE NACEMENTO:
NOME:	APELIDOS:	DATA DE NACEMENTO:
NOME:	APELIDOS:	DATA DE NACEMENTO:

DADOS BANCARIOS:

CUOTA MÍNIMA ANUAL DE 2.000 PTA (ESTUDANTES E PARADOS)
 CUOTA MÍNIMA ANUAL DE 5.000 PTA
 CUOTA ANUAL DE PTA

NOME DA ENTIDADE:

SUCURSAL DE:

ENTIDADE [] [] [] [] SUCURSAL [] [] [] [] D.C [] []

NÚMERO DE CONTA: [] [] [] [] [] [] [] [] [] [] [] []

ENVIAR A: A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA – APARTADO 247 – 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Tenda da ReMesa

Para solicitar calquer destes obxectos, dirixide-vos ao local central da Mesa en Santiago: (981) 56 38 85 • Rua do Vilar, 68 - 3º • C.P. 15705

Escarapelas

Referencias 01 e 02: pagamento previo envio do importe en selos. Ref. 14: transferencia.



Referencia: 01
300 pts.

22 mm. diametro.
Duas cores



Referencia: 02
300 pts.

22 mm. diametro.
Prateado



Referencia: 14
2.000 pts.

Escarapela en prata
Feita a man

Publicacións

Catálogo da mostra artística
"Ourense por dignidade"

Referencia: 10
500 pts.
Gastos de envío: 50 pts.


Nº de páx.: 59
Forma pagamento: transferencia



"A Coruña, ¡así a queremos!"
Apoios á campaña pola res-
titución do topónimo legal e
estudo social da cidade.

Referencia: 11
1.300 pts.
Gastos de envío: 300 pts.

Forma pagamento: transferencia



Camisetas

Forma de pagamento: transferencia




Referencia: 08
1.000 pts.
Gastos de envío: 300 pts.

Manga curta
Tallas: L, XL



Referencia: 09
1.000 pts.
Gastos de envío: 300 pts.

Manga curta
Tallas: L, XL



Referencia: 13
100 pts.
Gastos de envío: 100 pts.


Forma pagamento: previo
envío do importe en selos

Auto-colantes

Forma de pagamento dos auto-colantes: previo envío do importe en selos




Referencia: 03
50 pts.




Referencia: 04
100 pts.



Referencia: 05
100 pts.



Referencia: 06
50 pts.



Referencia: 07
30 pts.

Se desexas mercar algún destes productos
consulta o vínculo que atoparás
na páxina principal do noso Web